

**A estrutura do
*Dicionario dos
apelidos galegos***

Ana Isabel Boullón Agrelo

**Instituto da Lingua Galega - Universidade de
Santiago de Compostela**

INTRODUCCIÓN

Os estudos de antroponimia experimentaron no ámbito europeo un significativo crecemento nos últimos anos, en boa medida como resultado do proxecto europeo PatRom (*Patronymica Romanica*) que puxera en marcha o profesor Dieter Kremer na década de 1990. O PatRom supuxo a coordinación de diversas Universidades europeas e a creación dunhas bases metodolóxicas de actuación comúns ante un elemento tan específico do léxico como son os apelidos; tívose en conta a composición etimolóxica, a documentación histórica, a motivación semántica, os diversos procesos de derivación e outras posibles peculiaridades románicas. Entre as diversas consecuencias a máis longo prazo, fóra das publicacións directamente derivadas del, aínda en marcha (véxase Kremer, neste mesmo volume), encóntranse outros proxectos liderados por antigos membros, como o DÉRom (*Dictionnaire Étymologique Roman*), codirixido por Éva Buchi, que ten como obxectivo elaborar un novo dicionario etimolóxico panrománico; dicionarios antroponimicos italianos (como o de Caffarelli / Marcato 2008, ou o proxecto do *Diccionario dei cognomi piemontesi*: véxase Rossebastiano, tamén neste volume); ou, no ámbito hispánico, diversos dicionarios de nomes de persoas dirixidos por Consuelo García Gallarín (2014). Fóra do ámbito románico cómpre mencionar o DAFN (*Dictionary of American Family Names*) de Patrick Hanks (véxase tamén aquí), que agora prepara unha segunda revisión actualizada e con máis datos.

O *Diccionario dos apelidos galegos* (en diante, DAG) entronca con esta tradición do PatRom. O Instituto da Lingua Galega (ILG) foi unha das sedes desde o primeiro momento, o que permitiu que na súa Sección de Onomástica se recadasen os materiais esenciais para a pescuda antroponímica e se sentasen as bases metodolóxicas que finalmente albergaron o proxecto do dicionario, que contou coa axuda dun convenio coa Real Academia Galega entre os anos

2010 e 2015¹. Actualmente contamos, ademais, con datos estatísticos fiables, que proporcionan unha preciosa información sobre a cantidade e a extensión xeográfica das formas, o que mellora substancialmente o corpus da maior parte dos dicionarios anteriores, que adoitaban partir, no mellor dos casos, de datos telefónicos.

1. PRECEDENTES NO ÁMBITO GALEGO E PORTUGUÉS

Para o noso ámbito lingüístico, contamos con algúns precedentes de diversa consideración, alcance e utilidade. Os apelidos clasifícanse en tres grupos principais: os patronímicos (derivados dun nome persoal), os detoponímicos e os delexicais. Para este último contamos xa na lexicografía galega non só con variados dicionarios comerciais, senón tamén co *Diccionario de dicionarios* (DdD) e o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), utilísimas ferramentas creadas por Antón Santamarina no ILG, amais dos *corpora* históricos que despois mencionaremos, o dicionario da Real Academia Galega (DRAG), e o repertorio bibliográfico BILEGA. Para os nomes propios, a fonte máis útil é o *Diccionario dos nomes galegos* (DNG), que segue a ser unha referencia fiable para as etimoloxías e a historia dos nomes, ben que necesite unha posta ó día. Tamén están as interesantes achegas de Méndez Ferrín (2007) para nomes e apelidos, con intención divulgativa e rigor filolóxico a un tempo, e dúas obras de tipo diacrónico: un dicionario da antroponimia histórica, restrinxido ós séculos VIII-XIII², e o repertorio de Elixio Rivas (2001), que inclúe unha gran cantidade de información procedente de moi diversas fontes³.

1 O equipo está integrado por Ana Boullón, Luz Méndez, Gonzalo Navaza e Antón Palacio. O convenio ILG-RAG permitiu contar con persoal en formación (Gonzalo Hermo González, 2011-2013, Eduardo Louredo Rodríguez, 2013, e Sandra Beis Silva, 2013-2015) para consolidar e aumentar as bases de datos antroponímicas e bibliográficas da Sección de Onomástica do ILG.

2 Boullón (1999): véxanse aí as recensións que o avalían.

3 Ten varias eivas que minguan a súa utilidade: aínda que inclúe atestacións históricas en case tódolos nomes, non sempre se identifica a procedencia deses datos; cómpre precaución perante as súas explicacións etimolóxicas, por veces confusas; finalmente, a ordenación do material fai difícil a consulta, posto que non é un repertorio alfabético, senón que está distribuído en 16 capítulos temáticos onde se mesuran criterios cronolóxicos, morfolóxicos e tipolóxicos, entre outros (“Onomástica prerromán” (sic), “Onomástica román”, “Onomástica romance”, “Patronímicos de xenitivo en -i”, “Apelidos de oficio”, “Fusión de nome e apelido”...), de forma que o usuario ten que indagar en cal deles se poderá achar a información que procura.

Carecemos dun dicionario específico da toponimia galega ou portuguesa (aínda que no noso territorio foron facéndose nos últimos anos moitos traballos parciais: véxase Boullón 2010), e o referente segue a ser, tanto para os nomes de lugar coma para os nomes propios e apelidos, o *Dicionario Onomástico Etimolóxico* de J. P. Machado (DOELP). Con todo, a pesar de ofrecer moitas informacións útiles, esta obra non constitúe un modelo lexicográfico para os nosos propósitos, por varias razóns. En primeiro lugar, pola propia escolla das entradas. Hai unha grande heteroxeneidade de contidos: nomes curiosos que chaman a atención do autor (“*Dorian Gray* m.: *Dorian Gray Caldas*, pintor, escultor e ceramista bras.”), apelidos (tamén estranxeiros: “*Bustorff*, apel. Debe ser adaptación de *Buxtorf*, apel. de dois filólogos suíços, pai e filho, ambos *Johannes* de seu nome (1564-1629...), ambos hebraizantes”), topónimos, exónimos (“*Aachen*, top. Ver *Aix-la-Chapelle* e *Aquisgrano*”), xentilicios (“*Ababás*, etn. Indígenas que habitavam regiões nos límites do estado do Mato Grosso...”), astrónimos, alcuñas, mitónimos (*Antígone*), acrónimos (“*P.E.N.* Cadeia de asociacións internacionais...”), e outras varias. Non se recoñecen uns criterios claros para a escolla, xa que, como o autor indica, dependeu de fontes dispares (prensa, guía telefónica, fontes medievais, literatura...) que explican “erros, lapsos, desequilíbrios, ausências, etc.” (DOELP I, p. 7). Isto motiva tamén que unha parte cuantitativamente importante do dicionario estea formado por elementos alleos á onomástica propiamente portuguesa, ou por nomes xa desaparecidos ou só casualmente presentes nos textos portugueses:

Aada, *m.*, para a qual só conheço uma abonação, de 1016 (*Dipl.*, p. 143). [...]

Lazeraque, *m.* Estadista marroquino do séc. xv. [...] Ao mesmo radical debe pertencer o nome de “aquele famoso moro Muzaraque”, mencionado por Cervantes en *Quijote*.

Tamén é heterodoxa a maneira de tratar a etimoloxía: ofrece a etimoloxía remota dos topónimos e dos nomes propios, pero non do léxico común (quizais por remitir implicitamente ó seu outro dicionario etimolóxico, o DELP), o que obriga a utilizar material alternativo para completar información.

Pero o que máis nos toca é o tratamento do material galego. Na introdución aclara: “Quanto aos topónimos, incluo os portugueses, alguns galegos com eles relacionados” (p. 8), o cal é un tanto desconcertante, posto que a base patrimonial do galego e do portugués é a mesma, e non é casualidade que haxa “algúns” topónimos galegos relacionados cos portugueses, como sen dúbida Machado sa-

bía. Posiblemente a irregular inclusión dos topónimos galegos se deba tamén a heteroxeneidade das fontes. Ademais, no desenvolvemento das entradas nalgúns casos parece haber confusión entre a pertenza administrativa ó estado español e a realidade lingüística. Indico a seguir algunhas mostras, con comentarios meus entre parénteses cadradas ([]).

Bouzada, *apel.* (Tel.). Do apel. esp. *Bouzada*, de orixe toponímica (Galiza: Pontevedra).

Figueredo, *apel.* (Tel.). Do apel. esp. *Figueredo* (cp. *Figueiredo*), de orixe toponímica (Corunha). [O topónimo galego é *Figueiredo* ou *O Figueiredo* (Co₁, Lu₁, Ou₁₀, Po₁)]

Seoane, *apel.* (Tel.), de orixe esp., mais precisamente da Galiza (*La Voz de Galicia* de 14-IX-1980...), onde está bem representado como top., de que resultou (muito frecuente na Galiza). De *São Joane*? [Non hai dúbida: como xa Piel publicara en 1950 e demostra a documentación medieval, o moi frecuente topónimo *Seoane* (case 50 lugares en Galicia) ten a súa orixe en SAN IOHANNE].

Por outro lado, no que respecta á toponimia galega, non debeu manexar ningún nomenclátor de Galicia, porque cita formas espurias:

Arroteia¹ *top.* muito frecuente, tal como na Galiza. Do s.f. *arroteia*. [En Galicia, 16 lugares *A Arrotea* nas provincias de Ourense e Pontevedra; o iode antihiático portugués nesa posición non ocorre regularmente en galego].

E o descoñecemento no nomenclátor galego lévao a ignorar topónimos galegos que tamén poden ser orixe dos apelidos:

Cagigal, *apel.* (Tel.). Do apel. esp. *Gagigal* [sic.], este de orixe toponímica, em Oviedo. [En Galicia hai varios lugares *Caxigal* ou *O Caxigal*, un na Coruña e catro en Lugo].

Tampouco fai referencia á castellanización, quizais por non considerar que os apelidos procedentes de topónimos galegos que hoxe presentan <j>/<g+e,i> ou <y>+vogal reflicten os fonemas casteláns |x| (fricativo velar xorda) e |j| (fricativo palatal sonoro)⁴, respectivamente, posto que a tradición medieval quedou truncada a partir do século XVI e os topónimos e apelidos experimentaron tódalas

⁴ Esta consoante pode presentar como variante a oclusiva palatal sonora, [ʝ], mentres que neses contextos o galego estándar, coma o portugués, presenta unha semivogal palatal, [j]. Véxase Regueira (2010: 15).

oscilacións propias da ortografía castelá (como explica Navaza 2012). Ademais, o sistema gráfico do portugués, no que se refire ás sibilantes, non se axeita ás características fonéticas do galego, polo que a grafía moderna en moitos casos non coincide. Velaquí algúns exemplos.

Barja² *Apel. (Tel.)*. Do esp. *Barja*, de orixe toponímica (Lugo, Orense, Pontevedra); menos provábel de *Barja*¹. [O topónimo *Barxa*, moi frecuente en Galicia, é unha evolución diverxente de *Barcia*, de orixe prerromana, igual có correspondente portugués *Barja*].

Feijó², *apel. (Tel., que tamén regista a var. Feijoo)*. De *Feijó*¹ [top. port.]. Non parece de admitir a por veces invocada orixe galega, onde tal forma non se atesta (só há *Fijó* na Corunha), ao contrario, e como se verifica, está bem representado na toponimia portuguesa. [En Galicia hai 6.763 ocorrencias da forma anómala *Feijoo*, que non é topónimo pero si se atesta na documentación histórica desde a Idade Media como alcume, e desde época moderna tamén como *Feixoo* (véxase un estudo deste apelido en Navaza 2012: 183)].

Nóia, *apel. ...* Do esp. *Noya*, de orixe toponímica (Corunha). [A forma estándar é *Noia*].

Cochim¹, *top. ...* ; na Galiza, *Cochin* (Lugo). De *cocho*? De *cochim* = *coxim* s.m. [Se en gal. se grafía con <ch>, non pode corresponder a [ʃ], senón á africada [tʃ]].

En fin, estas opcións metodolóxicas aumentan en gran medida o número de páxinas do dicionario (pola heteroxeneidade das fontes e pola inclusión masiva de formas alleas) e reducen a utilidade da obra (pola súa dependencia do dicionario léxico etimolóxico e o limitado coñecemento das formas galegas). Hai que recoñecer tamén os seus aspectos positivos: a citación sistemática de documentación histórica e a prudencia nas explicacións etimolóxicas, posto que expresa as súas dúbidas e recoñece honestamente as dificultades que presentan moitas das formas onomásticas. Segue a ser, en todo caso, unha referencia inescusable á hora de estudar a onomástica galega e portuguesa.

2. O CORPUS

O punto de partida do DAG é o Censo de Poboación de Galicia do ano 2001, proporcionado polo Instituto Nacional de Estatística español (INE) á Real Academia Galega e que, tras un convenio co Instituto da Lingua Galega, serviu para

confeccionar a ferramenta *Cartografía dos apelidos de Galicia* (CAG)⁵, onde se visualiza a distribución dos apelidos de Galicia nos concellos, en datos proporcionais e absolutos, mediante distinta densidade de cores, e en relación a cada concello ou a toda a poboación de Galicia. A partir dese corpus sumáronse os apelidos que estaban en primeira e segunda posición, depuráronse os erros evidentes⁶ e creáronse entradas para representar aqueles apelidos agochados nos seus homógrafos por non incluír acentos a base de datos do INE (do tipo *Pazo / Pazó, Bouzos / Bouzós, Casas / Casás, Abella / Abellá*). Estas operacións posibilitan ter constancia da importancia cuantitativa de cada forma e establecer unha relación ordenada dos apelidos por frecuencias. Como resultado, obtense unha táboa de máis de 48.600 formas distintas, con moita disparidade no número de ocorrencias por apelido: o máis frecuente, Rodríguez, ten case 237.000 e, polo outro extremo, hai máis de 21.100 formas cun único portador. Estes poden ser apelidos estranxeiros, variantes minoritarias de apelidos máis frecuentes, posibles erros tipográficos, estandarizacións modernas (*Arxibai, Chaián, Eio, Faia, Costoia...*) ou, en fin, apelidos en perigo de extinción (como *Láncara, Sanfíns, Miñor, Santradán, Becerreá, Noalla, Manselle, Lidor*, etc.).

O primeiro criterio para a selección de entradas no DAG é o cuantitativo. Preténdese escoller un número asumible de formas representativo dunha parte importante da poboación. Así, da táboa resultante seleccionáronse os apelidos con máis de 30 ocorrencias, o que comporta unhas 5.800 formas, que inclúen aproximadamente o 97% da poboación. A estas engádense variantes flexionais, ortográficas ou morfolóxicas da palabra que conforma o lema (aínda que teñan menos de 30 ocorrencias, o límite estipulado). Desta forma chegouse, polo momento, a preto de 6.700 entradas.

O outro criterio de inclusión fórmulo o propio nome do dicionario: dos apelidos *galegos*. Antes de tratar con máis detemento este criterio lingüístico, semella oportuno estimar a proporción de cada un dos compoñentes lingüísticos do conxunto do corpus.

5 Dirixido por Xulio Sousa e Ana Boullón. A aplicación, exposta ó público co gallo do centenario da Academia, en 2006, foi revisada e mellorada no ILG en 2011 (<http://ilg.usc.es/cag/>). En diante, o número de ocorrencias dos apelidos corresponde á base de datos completa, diferente á que está dispoñible na web, xa que, por mor da confidencialidade dos datos persoais, esta non ofrece información de apelidos que presenten menos de 5 formas en cada concello.

6 Máis detalle en Boullón (2017a: 45-6).




Gráfico 1: Distribución lingüística das variantes dos apelidos en Galicia

A porcentaxe máis grande corresponde, como é esperable, ós apelidos galegos (case a metade). Levan esta etiqueta as formas distintivas galegas ou que proceden claramente de topónimos galegos⁷. En “común” sitúanse os apelidos galegos indistinguibles formalmente dos correspondentes españois ou doutros romances peninsu-

⁷ En orde decrecente de incidencia demográfica: *Vázquez, Castro, Varela, Piñeiro, Pereira, Méndez, Barreiro, Estévez, Paz, Souto, Ferreiro...*

lares⁸. Os híbridos son formas galegas con interferencias castelanizantes⁹. Se sumamos estes tres grupos, os apelidos orixinarios de Galicia supoñen un 70% do total.

O seguinte grupo máis numeroso é o dos españois, que representa un 19%, unha cifra moi alta se a comparamos coa das outras linguas faladas na Península (catalán, vasco, asturiano e portugués¹⁰), que oscilan entre o 4% e o 1% e que en conxunto nin chegan á metade daqueles. A desproporción non vén dada por unha onda de migración de casteláns, senón da castelanización da onomástica galega nos textos escritos que ocorreu desde o século XVI e que provocou, por un lado, a existencia desas formas híbridas das que falabamos antes e, por outro, a tradución de certas formas máis ou menos transparentes, tanto propiamente antroponímicas (*Martínez* por *Martís*, *Alonso* por *Afonso*, *Lourenzo* por *Lourenzo*, *Cid* por *Cide*) como detoponímicas ou delexicais (*Otero*, *Romero*, *Villar*, *Prieto*, *Soto* por *Outeiro*, *Romeu*, *Vilar*, *Preto* e *Soto*, respectivamente). É por iso que é obrigado incluír tamén esas formas castelás no dicionario, dado que proceden na súa meirande parte de formas galegas orixinarias.

A última das etiquetas, “outros”, refírese a un grupo heteroxéneo doutras linguas¹¹ que ten escasa incidencia cuantitativa (un 3%).

Estoutro gráfico mostra a incidencia na poboación das formas que viamos antes. Nel aumenta a proporción dos apelidos “comúns”, por teren un número moito máis grande de portadores; por exemplo, sono os dez máis frecuentes coa excepción de *Vázquez* (galego, no 8º posto). Pola contra, diminúe o peso dos distintivamente galegos, dos híbridos e dos españois, o que indica que teñen menor número de ocorrencias por forma. O grupo dos foráneos (“outros”) queda na mesma porcentaxe, mentres que os hispánicos non casteláns non chegan ó 1%. Nesta perspectiva, os apelidos galegos en conxunto (sumando os comúns e os híbridos) supoñen un 84% do total.

8 Caso en que están moitos dos apelidos patronímicos, que son os máis frecuentes (*Rodríguez*, *Fernández*, *González*, *López*...); outros lexicais (*Calvo*, *Pardo*, *Rico*...) ou detoponímicos delexicais (*Lago*, *Ramos*, *Torres*...).

9 Os máis frecuentes: *Feijoo*, *Araújo*, *Seijas*, *Lage*, *Figuroa*, *Noya*, *Teixeiro*, *Seijo*, *Sotelo*, *Sanjurjo*.

10 Evidentemente, só se poden discriminar os especificamente portugueses que mostren sinais distintivos, ben gráficos e/ou fonéticos (*Carvalho*, *Passos*, *dos Anjos*, *Correia*, *Cunha*, *Magalhes*, *Pinheiro*, *Nascimento*), ben morfolóxicos, tales como a terminación dos patronímicos en *-es* (*Rodrigues*, *Fernandes*, *Gomes*), ou outras formas diferenciadas, como evolucións diverxentes ou detoponímicos portugueses (*Pires*, *Gonçalves*, *Simoes*, *Aires*, *Tavares*, *Bento*, *Tiago*, etc.).

11 Árabes (*Ahmed*, *Fathallah*), alemáns (*Mayer*, *Mier*, *Willisch*), franceses (*Dubert*, *Duval*, *Dequidt*), italianos (*Italiani*, *Aquino*, *Gambino*), ingleses (*Thomas*, *Smith*, *Fox*), chineses (*Chen*, *Lin*, *Yang*).




Gráfico 2: Distribución lingüística das ocorrencias dos apelidos en Galicia

3. MICROESTRUTURA

O deseño da microestrutura do dicionario é froito do estudo dos apelidos e da constatación da moi diversa casuística que poden presentar. En cada unha das entradas inclúese unha información constante, que se detalla a seguir.

1. **Forma(s)**: tódalas variantes (flexivas –masculino, feminino, singular, plural–, gráficas, fonéticas, morfolóxicas, presenza da preposición *de* e do artigo). Haberá, por tanto, entradas que estean compostas por un só lema, pero na maior parte dos casos constarán dun lema principal (marcado con corpo de letra máis grande) e de lemas secundarios. Estes últimos constituirán entradas remisivas para facilitar en todo momento a súa localización na principal. A ordenación é alfabética.

2. **Número de ocorrencias** no censo de 2001, coa suma de apelidos que van en primeira posición e en segunda posición (pero se é inferior a 10, indícase só “< 10” para preservar a confidencialidade). Por iso esta cifra non sempre equivale ó número de portadores, xa que pode haber persoas que teñan o mesmo apelido en primeira e segunda posición. O corpo de letra é máis pequeno có resto da entrada.

Anta 822. PL.: **Antas** 274, **Antes** 49. OUTROS: **Danta** 104. PL.: **Dantas** 194, **Dantes** 32.

Eiroa 1.562, **Eiró** 200. OUTROS: **Deiró** < 10.

Ameneiro 683, **Amieiro** 166, **Amoeiro** 66. PL.: **Ameneiros** 528.

3. **Tipoloxía**. Distínguese tres grupos principais: patronímico, toponímico e delexical¹². Os patronímicos son os que derivan de nomes de persoa, e neles o subgrupo máis importante é o dos que portan o sufixo *-ez*.

Vázquez 101.807, **Vásquez** 99. **Vasques** (port.) 10. **Velázquez** (cast.) 256, **Velásquez** (cast.) 91, **Blázquez** (cast.) 323. Patronímico con sufixo *-ez*, formado a partir do nome persoal prerromano *Vasco* ...

García 158.879. Patronímico. Do nome persoal *García* [...].

Nos toponímicos indícase o lugar (ou lugares) de que procede, con referencia á parroquia, concello e provincia correspondente, sempre que é posible localizalo.

Goiriz 153, **Gorís** 275. Toponímico: *Goiriz* (lugar e parroquia en Vilalba, Lu) e *Gorís* (Lamela, Silleda, Po).

¹² Para máis detalle sobre as características e a importancia de cada grupo no corpus, véxase Boullón (2007 e 2012a).

Folgo 244. FEM.: **Folgo** 18. Toponímico: *Folgo* (Co₈, Lu₄, Ou₆, Po₂); *Folgo* e *A Folgo* (Co₁, Lu₃, Ou₁).

Leirachá 155. Toponímico: *A Leira Chá* (Mera de Arriba, Ortigueira, Co).

En canto ós delexicais, distinguimos entre sobrenomes (*Branco, Rei, Calvo, Pardo, Garrido, Vello, Crespo*), sobrenomes profesionais (*Ferreiro, Mariño, Peleteiro / Cabaleiro, Fidalgo, Alcalde*) e xentilicios (*Franco, Galego, Castelao, Navarro, Carballés*).

4. **Etimoloxía.** En tódolos casos se ofrece non só a etimoloxía directa, senón que tamén se procura indagar sobre a etimoloxía remota, isto é, a orixe do topónimo, do nome persoal ou do lexema común, e tamén sobre a motivación do sobrenome. A ausencia de referentes semánticos, en moitos casos, fai a pescuda moito máis complexa que para o léxico común. Hanks / Coates / McClure (2012) estiman nuns 20.000 apelidos os británicos que non se deron explicado convincentemente, malia a longa tradición de estudos onomásticos nese dominio. Indicarei algúns exemplos do variado tipo de dificultades que se presentan (outros no traballo de Luz Méndez, neste volume).

En primeiro lugar, dada a alta proporción de apelidos detoponímicos, máis do 70%¹³, houbo que indagar a orixe dunha estimable cantidade de topónimos pouco estudados e para os que ofrecemos unha hipótese¹⁴. Entre eles hai nomes que hoxe non se recollen no nomenclátor galego porque desapareceron, pero dos que temos constancia pola documentación histórica ou precisamente polos apelidos que xeraron¹⁵. Outros apelidos presentan variantes con respecto ó topónimo moderno, mediante a conservación de formas arcaicas (*Barxiela* - mod. *Barxela*, *Ouréns* - mod. *Ourense*, *Sabel* - mod. *Xabel*, *Sías* - mod. *Ciés*), diversas alteracións do vocalismo átono e/ou no consonantismo (*Crestelo* < *Castrelo*, *Croas* < *Coroas*, *Docío* < *Ducío*, *Esmerode* < *Esmorode*, *Exea* < (*Santa*) *Ouxea*, *Fírvida* > *Fírveda*, *Gadín* < *Agadín*, *Mouce* < *Mouzo*, *Siaba* < *Seavia*), a introdución dunha termi-

13 Estimación feita a partir da clasificación dos 2.000 apelidos máis frecuentes, o que significa o 90% da poboación: véxase Boullón (2012a: 184-5).

14 Algúns exemplos: *Bamio, Beres, Couñago, Estraviz, Valeixe, Basanta, Balixe, Bodenlle, Carramal, Eirín, Fornís, Gasamáns, Mourazos, Primoí, Xordedo*.

15 Como *Agrasar, Aguín, Cacheda, Carou, Cartoi, Crestar, Engroba, Enxamio, Godai, Guillín, Morandeira, Nantón, Omil, Portabales, Rabuñal, Recamán, Senlle, Mirazo, Tumbeiro*.

nación *-o* para adecuar o apelido ó sexo do portador (*Caxuso* < *Caxusa*, *Balaio* < *Balai*, *Chento* < *Chente*), etc.

Os apelidos delexicais tamén poden mostrar reliquias de voces desaparecidas (*Baluga* < lat. *BALLUCA* ‘bóla de manteiga’, vid. Boullón 2012b: 159-161), sobrenomes de motivación inexplicada (*Goberna*, *Zapata*, *Garrote*), outros que parecen ter relación cunha base léxica coñecida pero de significado e motivación ignorada (*Babarro*, *Baúlo*, *Verdiñas*, *Salido*). Hai tamén apelidos que parecen procedentes dun nome persoal que ou non está atestado ou é controvertido (*Falque*, *Faraldo*, *Flórez*).

5. **Documentación histórica e distribución xeográfica**, informacións fundamentais, necesariamente complementarias, para a historia dos apelidos, como se ten comprobado noutros proxectos lexicográficos semellantes: “Medieval evidence must be matched evidence of continuity over time, and both must be studied in the context of geographical distribution” (Hanks / Coates / Macclure 2012). Tratarémolas adiante con máis pormenor.

6. Outros datos de interese para a historia do apelido, que só son requiridos nalgúns casos: grafías non etimolóxicas, frecuencia (só os que están entre os 200 primeiros), noticias xenealóxicas ou históricas, movementos de poboación ou repoboación, presenza na emigración...

3.1. Escolla do lema

Como se indicou antes, decidimos incluír máis dunha forma como lema, para evitar duplicación da mesma información etimolóxica ou demasiadas remisións. Cómpre, logo, xustificar a escolla do lema principal. En todo caso, a entrada principal sempre será unha forma galega á que remitirán as demais, tal como as seguintes, que son os 30 apelidos máis frecuentes:

Rodríguez, Fernández, González, López, Pérez, Vázquez, Álvarez, Gómez, Castro, Díaz, Sánchez, Varela, Domínguez, Suárez, Piñeiro, Pereira, Vidal, Méndez, Barreiro, Estévez, Lago, Santos, Souto, Ferreiro, Pena, Vila, Arias, Silva, Freire, Conde

3.1.1. O criterio lingüístico

Non hai dúbida en cualificar como “galego” ós apelidos xerados en Galicia con morfoloxía galega. Pero que facer cos que proceden de fóra? En realidade, tódolos nomes e apelidos de Galicia son posteriores á romanización; quérese dicir, non hai rastros actualmente da antroponimia indíxena anterior¹⁶. Daquela, o principal criterio é o lingüístico (coma o aplicado usualmente para delimitar a literatura galega). Amais dos orixinarios de Galicia, incluíranse a maiores como lemas principais aqueles que teñen antigüidade demostrada no corpus, número de ocorrencias relevante e adaptación á fonética e á morfoloxía galega.

Na táboa 1 incluímos apelidos que cumpren estes criterios¹⁷. Os procedentes de nomes persoais poden ser de orixe castelá, como *Muñoz* ou *Vélez* (dos máis antigos)¹⁸, *Guzmán*; vascos (*Ximénez*, *Ortiz*, *Anaia*, *Ximeno*); do árabe (*Cide*); pero os máis frecuentes son de orixe ultrapirenaica¹⁹, que chegaron sobre todo polo Camiño de Santiago: *Roxel*, *Beltrán*, *Henríquez*, *Durán*, *Morán*, *Galván*, *Xil*, *Guillén*..., tamén de orixe literaria (*Rolán*, *Tristán*). Outro grande grupo corresponde ós detoponímicos, a partir de topónimos maiores: *Gama*, *Tavares* (portugueses), *Covián*, *Illanes* –forma antiga de *Llanes*–, *Hevia* (asturianos), *Mendoza*, *Orozco*, *Zúñiga* (vascos), *Barreda*, *Benavente*, *Mena*, *Alcántara*... (españóis).

16 Na Alta Idade Media conservábanse algúns, de tipo indoeuropeo (*Cadavo*, *Tancinus*, *Tritabo*, *Turacia*, *Turantius*...), pero acabaron desaparecendo. Os nomes prerromanos máis frecuentes son tamén de importación: *García*, *Gutierre*, *Urraca*, *Velascus*, *Didacus*, *Arias*... (véxase Boullón Agrelo 1999: 84-86). Non son considerados foráneos por achárense desde os primeiros tempos do idioma e totalmente adaptados á fonética ou morfoloxía dos restantes apelidos galegos. Nas mesmas circunstancias están os numerosísimos apelidos detoponímicos de orixe xermánica (véxase Boullón 2017b).

17 Non incluíno os delexicais, porque non creo que se poidan considerar como foráneos os apelidos de préstamos léxicos tan antigos no idioma usados como alcumes tamén moi pronto: *Fanego* no séc. x, *Mezquita* no XII, *Alcalde*, *Acea*, *Aldea* no XV (árabes), *Esquerdo* no XI (vasco), *Batalla*, *Marqués*, *Doncel* no XII, *Freire*, *Galán*, *Gallardo* no XIII, *Galante*, *Deán*, *Mariscal*, *Buxía* no XV (franceses ou provenzais); algúns destes alcumes medievais só sobreviviron nos apelidos: *Garzón*, *Merchán*, *Chantreiro*. En caso semellante estarían os xentilicios de fóra de Galicia: *Franco* (s. X), *Alemán* (XII), *Esturao*, *Portugués*, *Gascón*, *Bretón*, *Navarro*, *Lombardo* (XIII), *Francés* (XIV), *Sevillano*, *Biscaíño* (XV).

18 *Muñoz* é escaso na documentación galega e porta un sufixo patronímico estraño á formación usual (tónico e coa vogal *o*, fronte ó habitual *-ez*, átono). *Vélez*, procedente de *Vela*, conserva o *l*- por instalarse en Galicia cando xa no rexían a lei fonética da caída do *l*-, traído por unha familia aristocrática procedente de Áraba.

19 Case sempre é difícil xebrar lingüisticamente os franceses dos provenzais e en ocasións dos cataláns, por iso van no mesmo grupo.

Algúns deles mesmo experimentaron modificacións para adaptalos á fonotáctica do galego, como *Cadórnilga*, liñaxe asentada en Ourense no séc. XIV que resulta da adaptación do topónimo cántabro *Cabuérnilga*. Ou *Oubel*, procedente en última instancia do topónimo navarro *Ubel* e atestado na documentación galega desde principios do séc. XV. Ou, aínda, *Caderno*, do topónimo leonés *Cadierno*, hoxe desaparecido. Tamén consideramos algúns apelidos que entraron máis tardiamente pero hoxe soamente se localizan en Galicia: así *Guinarte* (s. XVII), adaptación do catalán *Guinart*, ou *Bescansa*, dunha localidade hoxe desaparecida preto de Jaca (Zaragoza), que na actualidade se encontra maioritariamente na provincia da Coruña; ou *Trinquete*, apelido exclusivo de Galicia que se atesta desde o XVIII e que procede do fr. *triquet* (segundo o DCECH s.v. *estrique*). Incluímos a seguir un cadro con estas entradas foráneas ata o séc. XV.

Táboa 1: Apelidos foráneos introducidos na Idade Media

	X	XI	XII	XIII	XIV	XV
Fr., prov., cat.			<i>Roxel, Henríquez, Beltrán, Rolán</i>	<i>Durán, Morán, Galván, Xil, Guillén, Xiráldez, Alberte, Bernáldez, Bruno, Tristán</i>	<i>Charlón, Faraldo</i>	
Port.				<i>Gama</i>	<i>Tavares</i>	
Ast.-leon.					<i>Polo</i>	<i>Covián, Astorga, Illanes, Hevia</i>
Cast.	<i>Muñoz, Vélez</i>		<i>Barreda, Benavente, Mena</i>	<i>Alcántara</i>	<i>Cadórnilga, Reinoso, Soria, Córdoba, Tobar, Guzmán, Burgos</i>	<i>Sevilla, Sandoval, Aragón, Salazar, Navas</i>
Árabe	<i>Cide</i>					
Vasco		<i>Ximénez</i>		<i>Ortiz, Anaia</i>	<i>Mendoza, Ximeno</i>	<i>Oubel, Orozco, Zúñiga</i>

Fóra destes recóllense moitos outros apelidos foráneos presentes no censo (sempre que teñan máis de 30 ocorrencias) que constitúen entradas remisivas

con respecto á principal. En total, as formas galegas representan máis do 85% do total das entradas.

3.1.2. *Variantes flexivas*

Dentro da variabilidade existente, a forma escollida para o lema é a estándar, cos criterios lexicográficos usuais, isto é, dáselle preferencia ó masculino e singular. De todas formas, esta regra xeral ten as súas excepcións, segundo sexa a forma primaria, orixinal, e a secundaria. Por exemplo, a partir do apelido detoponímico *Lustres* formouse un singular *Lustre*, minoritario (13 ocorrencias fronte ás 681 da orixinal), que, conforme a isto, será lema secundario. O mesmo ocorre se o apelido principal é feminino e a forma masculina se crea posteriormente para concordar co sexo do portador: é o que pasa con *Madaleno*, a partir de *Madalena*, en parte designando ós confrades da antiga confraría da Madalena, que nalgúns lugares, como en Cangas, existiu desde o séc. XVI. Ou se o detoponímico feminino é moito máis frecuente có masculino (*Pedrosa / Pedroso*).

Como a motivación é determinante á hora de decidir a tipoloxía do apelido, nalgúns ocasións a variante flexional conforma entrada diferente. Así, *Ferreira*, de orixe toponímica, é entrada independente de *Ferreiro*, sobrenome profesional. O mesmo ocorre co singular e o plural: son entradas diferentes *Panadeiro* (profesional) e *Barragán* (sobrenome) de *Panadeiros* e *Barragáns*, respectivamente (detoponímicos).

3.1.3. *As entradas remisivas*

Hai unha variada casuística neste tipo de entradas:

- Equivalentes en linguas distintas do galego (*Romantí* vid. *Romeu*, *Soares* vid. *Suárez*, *Llamas* vid. *Lamas*). Entre elas, as formas castelanizadas ou castelás (como xa comentamos, é imposible distinguir as procedentes da castelanización de formas orixinais galegas, que son a maioría, das de estirpes oriúndas de territorio lingüístico castelán): *Alonso* vid. *Afonso*, *Otero* vid. *Outeiro*, *Romero* vid. *Romeu*.
- Variantes flexivas, moi frecuentes en apelidos detoponímicos (*Figueiras* vid. *Figueira*, *Abeleda* vid. *Abeledo*, etc.).

- Variantes gráficas: as máis frecuentes son a presenza de *h* non etimolóxico, a confusión *b/v*, o uso de *y* como semivogal. Algúns exemplos: *Hermida* vid. *Ermida*, *Bal* vid. *Val*, *Rey* vid. *Rei*, *Asorey* vid. *Asorei*.
- Variantes fonéticas: por alteracións do vocalismo átono, asimilacións e disimilacións tanto vocálicas como consonánticas, crases vocálicas de arcaísmos, presenza de nasais implosivas (etimolóxicas ou non) e outras: *Abilleira* vid. *Abelleira*, *Abidueira* vid. *Bidueiro*, *Sorey* vid. *Asorei*, *Carmoea* vid. *Carmuega*, *Cerdido* vid. *Cercido*, *Camaño* vid. *Caamaño*, *Candendo* vid. *Candedo*, *Cons-tenla* vid. *Costela*.
- Variantes dialectais, que tanto poden ser fonéticas (seseo), como morfolóxicas (terminacións *-án/-ao*, *-edol/-ido*²⁰ plural *ais/-ás* e outras. Exemplos: *Escarís* vid. *Escariz*, *Laseiras* vid. *Laceiras* (der. de *lazo* ‘xeo’), *Chao* vid. *Chan*, *Sobrido* vid. *Sobredo*, *Navais / Navás* vid. *Nabal*.
- Presenza da contracción da preposición co artigo, unida ou non graficamente co apelido. Ás veces tamén pode aparecer soldado o artigo. Exemplos: *da Cuña / Dacuña / Acuña* vid. *Cuña*, *do Rego / Dorrego / Orrego* vid. *Rego*, *Dovao / Dobao* vid. *Vao*.

En todos estes casos a preferencia no lema é para a forma que coincide co estándar gráfico, fonético e morfolóxico (NOMIG), ou coa forma estándar do topónimo correspondente (NG), independentemente do número de ocorrencias do apelido. Se entre as variantes dos apelidos non se rexistra a forma dialectal considerada estándar, a que se escolle para lema principal é a máis frecuente (*Cao*, *Esturao*, *Cidrás*), sempre que non resulte da interferencia do castelán.

3.2. A documentación histórica

O papel da documentación histórica é fundamental para establecer a antigüidade do apelido e trazar a súa historia. Non pretendemos ofrecer un percorrido xenealóxico, posto que o noso interese é fundamentalmente lingüístico. Para iso, cítase a data da primeira documentación máis antiga e reproducése a primeira en roman-

²⁰ En fitónimos colectivos, tipo *Carballido / Carballedo*. Víñanse considerando como variantes fonéticas, aínda que Rosario Álvarez (2002) pensa que son dous sufixos diferentes.

ce, como mínimo. Esta información é importante para a clarificación etimolóxica ou a motivación. Por exemplo, o apelido *Amboade*, do topónimo homónimo (en Vilar de Ortelle, Pantón, Lu), podería remitir ó nome de posesor *Ambulatus*, de inspiración mística cristiá, participio de *ambulare* ‘andar’, no sentido de ‘o que andou moito’, ‘o peregrino’. Pero o topónimo, repetido tres veces en Galicia, rexístrase como *villa Evolati* a.841, *Envoade* a.1222 e *Envoadi*, que remiten ao nome *Envolatus*, relativamente frecuente desde o séc. ix. Parece, por tanto, que debemos darlle preferencia o nome *Involatus*, tamén místico, participio de *involare* ‘voar’, no sentido de ‘o que voou’, ‘o que foi arrebatado (pola fe)’, contrariamente ó que aparentaba a forma actual do topónimo (vid. Piel 1975: 48-9).

Por outro lado, a presenza da preposición *de* nas cadeas onomásticas precedendo ó sobrenome nos textos históricos permite aproximarnos á motivación do apelido. Así, *Alfaia*, na voz común procede do ár. **al-hāiā* ‘obxecto necesario’, ‘moble’, ‘utensilio’, ‘xoiá’; amais de ‘xoiá’, a acepción moderna, significou en galego ‘peza de enxoval doméstico, como unha colcha, un moble...’. Aínda que parece un sobrenome, que podería interpretarse como profesional (‘que fai ou vende alfaias’, ou redución de *alfaiate* ‘xastre’), a maior parte das documentacións históricas, ó viren coa preposición *de*, semellan indicar que foi topónimo (hoxe non rexistrado no NG):

Pedro Alfaya de Riba a.1257 Docs-1260, *Martín Paez dito d’Alfaya* a.1278, *Johán d’Alfaya* a.1281 CDOseira, *Fabián de Alfaya*, vecino de Riofrío (Mondariz) a.1585, *Francisco de Alfaya* (Redondela) a.1647 ACS

As fontes para a pescuda histórica proceden, en primeiro lugar, da base de datos da Sección de Onomástica do ILG, que se empezou a recadar na última década do pasado século a partir da súa vinculación no proxecto PatRom. Está composta por nomes persoais con información cronolóxica, diatópica, de parentesco e de tratamento. A táboa medieval, que provén fundamentalmente de fontes de fiabilidade ecdótica, consta de preto de 48.000 rexistros, entre os séculos ix a xv; a táboa moderna, de máis de 22.000, entre os séculos xvi-xix, coa maior parte da información tirada do Catastro do Marqués de Ensenada (datado entre 1751 e 1757). A maiores, foi fundamental a consulta de *corpora* en liña, entre os cales os máis importantes foron o CODOLGA (*Corpus Documentale Latinum Gallae-ciae*), para os documentos altomedievais en latín, o TMILG (*Tesouro Medieval*

Informatizado da Lingua Galega)²¹, para os documentos medievais en galego, e, secundariamente, o Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (AHUS), o Arquivo da Catedral de Santiago (ACS), o Arquivo do Reino de Galicia (ARG) e o Portal de Archivos Españoles (PARES).

Para a correcta interpretación dos datos históricos, debe terse en conta que a denominación “apelido” é anacrónica con respecto á realidade medieval, posto que hoxe é hereditario pero naquel momento o procedemento era patronímico e, por tanto, cambiante de xeración en xeración, como ben se ve nos seguintes casos:

Froila Guttierriz, fillo de *Guttier Osoriz* a.982 CDCelanova, *Enego Eriz*, fillo de *Ero Ciprianiz* a.1025(s.13) TSamos, *Petro Beremudiz* e *Roderico Beremudiz*, fillos de *Beremudo Gundisaluiz* a.1132(s.13) TLourenzá, *Menendus Gundisalvi*, fillo de *Gundisalvus Menendit* a.1143 TCaaveiro, *Guillelma Fernández*, filla de *Ffernarn Núñez de San Cibrão* a.1257 Doc-1260, *Nuno Fernández*, fillo de *Fernán da Cela* a.1286 DocAsadur.

Así pois, é obvio que a información histórica medieval non pode referirse ás familias modernas²². En todo caso, o elenco de fontes permitiu establecer a grande antigüidade dos actuais apelidos galegos (véxase a táboa 2). Os patronímicos, que adoitan coincidir cos actualmente máis frecuentes, documentámoslos nos textos notariais desde o séc. x, naturalmente coa súa forma latina ou latinizada, e coas variantes correspondentes ás fórmulas patronímicas da época²³.

A cantidade de documentación histórica dispoñible permitiu atestar máis da metade dos apelidos modernos desde a Idade Media, como se ve no gráfico 3. A maior parte dos non documentados antes do séc. xx teñen poucas ocorrencias (*Alixo*, *Arboiro*, *Atadel*, *Chento*, *Eirei*, *Frecha*, *Paraños*, *Sabuz*) ou orixe en nomes persoais (*Aniceto*, *Crisóstomo*, *Crispín*, *David*, *Elvira*, *Epifanio*, *Fabián*, *Faustino*, *Hilario*, *Hipólito*, *Leonardo*, *Melchor*, *Rodrigo*, *Rosario*, *Serafín*); son probablemente de introdución recente, quizais da época de creación do Rexistro Civil (segunda metade do séc. XIX).

21 Neste traballo só inclúo as referencias bibliográficas das fontes históricas citadas cando non están incluídas no CODOLGA ou no TMLG. Para os períodos posteriores, as encabezadas con CME refírense ó Catastro do Marqués de Ensenada.

22 Si cabe esa posibilidade a partir do momento en que o sobrenome, sexa en orixe patronímico, delexical ou detoponímico, comeza a ser hereditario, o que ocorre fundamentalmente a partir do séc. XVI, pero non se xeneraliza a toda a poboación ata o XIX, coa creación do Rexistro Civil. Para detalles sobre a vitalidade do patronímico, véxase Aira González (2002).

23 Mediante xenitivo, sufixos *-ici*, *-iz*, *-izi*, *-it* e outros (véxase Boullón 1999).

Táboa 2: Exemplos dos apelidos máis antigos na documentación

ix	Patronímicos	<i>Méndez, Pérez, Ozores</i>
x	Patronímicos	<i>Afonso, Álvarez, Arias, Bermúdez, Díaz, Eanes, Estévez, Fernández, García, Gómez, González, López, Lourenzo, Martís, Míguez, Muñiz, Núñez, Ordóñez, Páez, Pérez, Ramírez, Rodríguez, Salvadores, Sánchez, Suárez, Télez, Vázquez, Vidal</i>
	Detoponímicos	<i>Barroso, Cancelada, Cesar, Froxán, Illán, Lama, Romariz</i>
	Delexicais	<i>Calvo, Corvo, Mouro, Oleiro, Pinto, Primo</i>
xi	Patronímicos	<i>Domínguez, Ximénez, Amigo, Cide, Elías, Fortes, Luz, Xeremías</i>
	Detoponímicos	<i>Alvarellos, Ariz, Brandón, Campos, Cardoso, Covas, Coira, Covas, Eiriz, Maus, Riádigos, Sendón, Soilán</i>
	Delexicais	<i>Barragán, Esquerdo, Maza, Seco</i>
xii	Patronímicos	<i>Ares, Márquez, Biéitez, Henriques, Pascual, Alvariño, André, Beltrán, Durán, Fagúndez</i>
	Detoponímicos	<i>Cendón, Araúxo, Balteiro, Barreda, Bergondo, Boente, Brión, Cabanas, Cabreira, Caldelas, Calzada, Camba, Campelo, Cangas, Carnota, Castrillón, Cendón, Cerdeiras, Cimadevila, Cives, Cortiñas, Costal, Cota, Couto, Doniz, Estraviz, Fisteus, Vilas, Vilanova, Vilela</i>
	Delexicais	<i>Veloso, Maragoto, Galiña, Albo, Alemán, Amarelo, Barba, Batalla, Bodelo, Tiñoso, Bispo, Branco, Bravo, Bruno, Cabalo, Cañoto, Carbón, Cardo, Casado, Castelán, Codeso, Corzo, Cousido, Cuba, Doncel, Espada, Frade, Freire</i>
xiii	Patronímicos	<i>Ruíz, Vaz, Nicolao, Silvestre, Clemente, Mateu, Nicolao</i>
	Detoponímicos	<i>Bolaño, Brea, Celeiro, Cendal, Cercido, Cerdeira, Cernada, Cerqueiro, Cerreda, Chantada, Chapela, Cochón, Colado, Coia, Cores, Cornes, Corredoira, Courel, Couse, Ermida, Filgueira, Lagares, Lamela, Laxe, Leiro, Lema, Lemos, Mata, Medín, Meis, Mella, Montes, Moreira, Moure, Muíño, Nóvoa, Outón, Parada, Pastoriza, Pena, Pepín, Pereira, Piñol, Ulloa, Valeirón</i>
	Delexicais	<i>Coello, Coego, Colazo, Cordeiro, Cordo, Cortón, Corvacho, Curto, Delgado, Doce, Dourado, Escribán, Fariña, Farto, Ferreño, Fiúza, Fol, Gacio, Gaio, Graño, Guedella, Guerreiro, Infante, Leal, León, Mantega, Meleiro, Mouriño, Parceiro, Peón, Pequeno</i>




Gráfico 3: Primeiras documentacións históricas dos apelidos

Hai unha certa vinculación entre a tipoloxía dos apelidos e a antigüidade da súa documentación: como xa se dixo, os máis antigos son os antroponímicos e a partir do séc. XVI vanse habilitando unha grande cantidade de topónimos para a identificación persoal.

3.3. A información xeográfica

A información xeográfica revélase fundamental para determinar a orixe de moitos apelidos, sobre todo, pero non unicamente, os de orixe toponímica. Como xa dixo Eva Büchi (1998: 12-13), a distribución actual dun apelido pode ser máis decisiva para a historia da palabra cás súas atestacións históricas, dado o seu carácter exhaustivo; ademais, aínda que os antropónimos se desprazaron desde a Idade Media²⁴, viaxaron de maneira lóxica e intelixible historicamente: das montañas e das rexións menos fértiles cara a zonas urbanas, seguindo o movemento dos ríos e das vías de comunicación. Por iso, no censo de 2001, do que parten o CAG e o DAG, aínda se debuxan as rutas demográficas que seguiron os portadores dos apelidos, con moita claridade nos detoponímicos.

²⁴ En Galicia, só nos últimos decenios está a experimentar migracións internas de gran relevo cuantitativo, de cara ás cidades. A emigración histórica deuse desde as últimas décadas do séc. XIX sobre todo a América (do centro e do sur); as máis recentes, de metade do séc. XX, foron cara a Europa.

Así, a descrición da localización dos apelidos tírase esencialmente da CAG e de xeito complementario dos datos fornecidos polo INE (INEapelidos), que ofrece o mapa correspondente ó primeiro apelido no estado español; finalmente, de *Forebears*²⁵, que amplía a información a todo o mundo, e que é moi útil para localizar determinados apelidos galegos na diáspora, algúns deles con máis ocorrencias fóra de Galicia²⁶ ou mesmo desaparecidos²⁷.

Nos apelidos detoponímicos indicamos os lugares dos que poden proceder, tal e como están recollidos no NG, distribuíndoos por provincias, que se citan abreviadamente (Lu, Co, Ou, Po). Tamén tentamos identificar o topónimo concreto que os orixinou, porque a miúdo son apelidos polixenéticos (como adoito os patronímicos e os delexicais); os monoxenéticos, procedentes dun *unicum*, son máis raros. Nese caso están os seguintes:

Ación, Cameselle / Camesella, Carballude, Cardama, Fornís, Gosenxe, Grille, Irimia, Isorna, Lendoiro, Limideiro, Liste, Lores, Meixido, Merelas, Nogareda, Outeda, Pampillón, Salaño, Santomil, Seaxe, Teo, Toba, Touriñán

Un exemplo de dispersión a partir dun *unicum* é *Grille*, que ten orixe posiblemente no nome feminino de orixe xermánica *Berildi* e, por tanto, variante de *Brille* (vid. Boullón 2017b: 40). Situado no concello de Mazaricos, amosa unha área compacta no cuadrante noroeste da provincia da Coruña, como se ve no mapa de embaixo.


Por outro lado, a conxunción da localización xeográfica dos apelidos modernos e a súa presenza na documentación histórica permite localizar apelidos desaparecidos (citados algúns deles na nota 13). É o que ocorre con *Omil*, que non se rexistra no NG, pero é microtopónimo na parroquia do Outeiro en Marín, está presente en nomes persoais desde o século XVI (vid. Rivas 1991: 596) e hoxe distribúese consistentemente na Península do Morrazo (véxase o mapa correspondente).

25 Os tres buscadores presentan problemas ortográficos: o do INE non mostra acentos (e por tanto, tampouco o CAG, que tira a súa información dos datos do INE), e *forebears*, ademais, é inconsistente cos grafemas inexistentes en inglés, como o <ñ> ou o <ç>.


26 Como *Maradona*, procedente dun lugar de Ribadeo: ten 36 ocorrencias en Galicia, pero ronda o milleiro na Arxentina e no Brasil, ten máis de 1.500 en Indonesia e outros centos noutros países. De *Guitar* (Lu), quedan moi poucos en Galicia pero hai case 2.000 en Brasil e outros centos por toda América. *Rivadeneira*, de *Riba de Neira*, Lu, ten 123 ocorrencias en Galicia e máis de 10.000 en Ecuador.

27 *Pradia* (Lu, Co), en EEUU e en Filipinas; *Ogas* (Co), na Arxentina, EEUU, Chile e Filipinas; *Olveda* (Lu), máis de mil portadores en México; *Ramiscal* (Co) en Filipinas.

Apellido *Grille* (967 ocorrencias)




Apellido *Omil* (530 ocorrencias)



Para os apelidos procedentes de diversas áreas é fundamental coñecer a distribución xeográfica dos portadores modernos. O apelido *Sanxiao* (maiormente castelanizado como *Sangiao* e *Sanjiao*) procede do culto ó santo homónimo (< lat. IULIANUS), extraordinariamente fértil no territorio galego xa desde finais da época romana. Hoxe é a advocación de 81 parroquias e constitúe o nome de 56 lugares, coas correspondentes variantes dialectais (*San Xián*, *San Xillao*, *San Xiá*, *San Xiao*). O mapa é aquí fundamental para ver de onde proceden os apelidos: as dúas áreas principais sinalan por unha parte á Estrada (Po), onde hai cadanseu lugar *San Xiao* nas parroquias de Guimarei e Arnois, que tamén teñen este santo por titular, e por outra a Guitiriz, onde o santo é a advocación das parroquias de Becín e Roca.


Apelido *Sanxiao* (*Sangiao* 585 oc. e *Sanjiao* 60 oc.)




A distribución xeográfica tamén permite obter datos relativos á castelanización dos apelidos. O apelido *Celeiro* (do lat. tardío CELLARIUM ‘despensa’, ‘almacéns de provisións’ e ‘lugar para o gran’) pode proceder dalgún dos tres lugares existentes na provincia de Lugo (dous no concello de Viveiro e outro no de Sarria). A súa presenza no territorio móstranos a súa relación co lugar do concello

de Sarria: os portadores dirixíronse cara á comarca de Quiroga. Por outra parte, o apelido *Cillero*, aparentemente castelá, é en realidade a castelanización de *Celeiro*, lugar e parroquia do concello de Viveiro, un importante porto pesqueiro: *Cillero* non consta no nomenclátor español e esta era a forma con que este lugar figuraba nos documentos oficiais anteriores á democracia; ademais, os seus portadores están distribuídos sobre todo na Mariña lucense e na Terra Chá. Nos dous mapas vemos unha certa concentración dos dous apelidos na Terra Chá (sobre todo en Vilalba): os *Celeiro* desta área poden proceder do concello da Mariña, que zafaron da alteración castelanizante, ou ben do de Sarria, supoñendo unha ruta cara ó norte. Aquí si que se requiría unha pescuda xenealóxica (nos rexistros parroquiais) para dilucidalo.

Apelido *Celeiro* (422 oc.)



Apelido *Cillero* (353 oc.)

Finalmente, a consulta das outras ferramentas online permite ter constancia de apelidos que se difundiron na emigración e dos que hoxe en Galicia só queda constancia de formas castelanizadas. Por exemplo, *Gontade*, apelido procedente do topónimo homónimo, formado a partir dun nome persoal de orixe xermánica e presente en catro puntos de Galicia (Brión, Carballo, Cuntis e Vigo), só está presente no territorio galego como *Gontad*, pero a forma xenuína, *Gontade*, consérvase na Arxentina con 60 portadores. O apelido delexical *Colazo* (port. *Colaço* < lat. *COLLACTEUM*), que en Galicia só aparece como *Collazo*, ten na Arxentina máis de 3.000 portadores. O mesmo se pode dicir de *Rebolar*, en Chile (fronte a *Rebollar*), *Melide*, en Suíza (fronte a *Mellid* en Galicia), ou *Bustabade*, nos Estados Unidos (fronte a *Bustabad*), ou doutras variantes ortográficas máis etimolóxicas, como *Montalbo*, que ten máis de dez mil portadores en Filipinas (fronte a *Montalvo*), *Corvacho*, con centos en toda Suramérica (en Galicia *Corbacho*), ou *Valeirón* na República Dominicana (derivado de *val*, a grafía histórica, mentres que hoxe en Galicia só se atesta *Baleirón*). A presenza dalgunhas formas non castelanizadas en Brasil pódese explicar pola súa adecuación á grafía portuguesa, como *Vilamar* (fronte a *Villamar*), *Godoi* (fronte a *Godoy*) ou *Mandaio* (fronte a *Mandayo*).

4. A INTENCIÓN NORMALIZADORA: A RESTITUCIÓN E A MARCACIÓN

Dado que o destinatario do *Dicionario dos apelidos galegos* é o público en xeral, quérense conxugar os criterios cuantitativo e lingüístico coa vontade de estandarización, e por tanto un dos obxectivos é ofrecer ós usuarios a posibilidade de coñecer cales son esas formas estándares. Para a súa escolla contamos cos criterios propostos pola RAG (2016)²⁸, que ofrece unha relación dos máis frecuentes. Como norma xeral, tómase como referencia o NG para os apelidos detoponímicos, o DRAG para os delexicais e o DNG para os deantroponímicos.

Agora ben, no corpus hai ocasións en que nos apelidos non se rexistran estas formas estándares, sobre todo no caso dos detoponímicos híbridos. Por tanto, aparecerán como lemas principais formas sen portadores no censo. No DAG, nestes momentos, as formas restituídas sen ocorrencia ningunha no censo de 2001 ascende case ó 8% (en termos absolutos, máis de 500). Actualmente a Lei de Rexistro Civil permite, cun sinxelo trámite, simplemente mediante a declaración de vontade do interesado, a regularización dos apelidos á lingua española correspondente (art. 53.1.4º da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil):

... calquera inscrito pode solicitar a adecuación dos seus apelidos ás particularidades lingüísticas de calquera das linguas oficiais do estado español, en calquera momento, sen límite de tempo e sen que sexa preciso alegar ningunha causa ou xustificar o uso habitual dese nome ou apelidos nasúa vida cotiá (Dasi Dorelle 2017: 28).

Esta posibilidade legal ocasionou que nos últimos anos comecen a aparecer no corpus dos apelidos formas acordes coa ortografía e morfoloxía moderna²⁹. Así, podemos constatar que algunhas delas xa están presentes no censo de 2011, tales coma as seguintes³⁰:

28 Para máis detalle, véxase Boullón 2009, 2017a, e para os casos de gheada e seseo, Luz Méndez, neste mesmo volume.

29 Malia certos atrancos da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado: véxase o comentario da interpretación sobre algunhas das súas resolucións feito pola xurista Consuelo Castro Rei (2017), que parecen ser guiadas máis por criterios ideolóxicos ca técnicos.

30 A relación, evidentemente, non é exhaustiva. Só se citan apelidos exclusivamente galegos (con grafías específicas, coma o <x>, fronte ó portugués e o castelán, o <ñ> fronte o portugués, ou sen equivalente toponímico portugués).

Abeixón, Aboi, Agromaior, Aríns, Bocixa, Buxeiro, Coia, Colazo, Cotobade, Couxil, Faxardo, Goiás, Marei, Maxide, Melide, Oxea, Refoxos, Santa Mariña, Toxo, Vilarpombal, Vilasanta, Vixande, Xaneiro, Xardón, Xeixas, Xil, Xunqueira, Xusto

Por outro lado, incluímos marcas para indicar cando os apelidos non se consideran formas estándares. Como é sabido, é diferente o criterio da estandarización da onomástica có do léxico común, este último moito máis restritivo. Así, inclúense no DAG sen ningún tipo de marca as variantes dialectais, sexan morfolóxicas (*Louzaio / Louzán, Montaos / Montáns, Casais / Casás, Quintáns / Quintás*), fonéticas (*Escarís / Escariz, Abeleira / Abelaira / Abraira, Vilasoa / Vilasô*), outros cambios no vocalismo ou no consonantismo (*Feás / Feáns, Sestaio / Sestai, Barxa / Barxe*) e arcaísmos (*Ouréns, Caamaño*). Daquela, as marcas ofrecidas para as formas non estándares só indican formas interferidas polo castelán e que experimentaron as vicisitudes históricas da súa ortografía.

(g.a.) grafía anómala

Indica variantes gráficas que non se adaptan ás normas modernas da lingua galega pero sen comportaren cambios fonéticos.

b/v

Vesada, Besada (g.a.) 2.362. Toponímico: *Vesada* e *A Vesada* (Co₁, Lu₁, Ou₁, Po₃), *Avesada* (Co₁, Lu₁), *As Avesadas* (Co₁). Do participio de *vesar* ‘arar’ < lat. *VERSARE* ‘revolver, darlle a volta (á terra)’.

Sebio 142, **Sevio** (g.a.) 17. Do nome persoal grecolatino *EUSEBIUS*.

Baamonde 1.210, **Bahamonde** (g.a.) 896, **Bamonde** 31, **Vaamonde** (g.a.) 1.617, **Vahamonde** (g.a.) 28. Toponímico: *Baamonde* (Co₂, Lu₂, Po₁), do xenitivo do nome de orixe xermánica *Badamundus*. Composto polo gót. **badu* ‘loita’ e o tamén gót. **munds* ‘protección’.

h/ø

Ermo <10, **Hermo** (g.a.) 2.521. Toponímico: *O Ermo* (Co₂, Lu₁) ‘terreo sen cultivar’, ‘lugar sen habitantes’ < lat. *EREMUM* ‘deserto’; pasou ó romance coa acentuación grega e non coa latina porque a voz grega foi popularizada na baixa época latina por escritores eclesiásticos.

Ombre, Hombre (g.a.) 364. Toponímico: *Ombre*, nome dunha parroquia de Pontedeume e catro aldeas coruñesas, de orixe prerromana.

Heitor 11, Eitor (g.a.) 116. Patronímico. É o nome propio *Heitor*, do grego HÉKTOR.

y (en ditongos)

Eiras 1.918, Eyras (g.a.) <10. Toponímico: *Eiras* e *As Eiras* (Co₁, Lu₄, Ou₅, Po₉). É o plural de *eira*, do lat. ARĒAM ‘lugar sen edificar’.

Romai < 10, Romay (g.a.) 1.968. Toponímico: *Romai*, parroquia do concello de Portas (Po), procedente do xenitivo do antigo nome de posesor *Romanus*, a partir dunha secuencia (VILLA) ROMANI.

(f.a.) forma anómala

Neste segundo caso non incluímos os apelidos que, ao seren castelanizados, coinciden exactamente co seu equivalente castelán (como *Martínez, Alonso, Otero, Lorenzo, Romero...*), posto que é imposible discriminar os apelidos que realmente viñeron de fóra dos que foron “traducidos” no noso territorio. Así, só se marcan aquelas deturpacións que producen formas híbridas. Trátase nunha grande parte dos casos en versións alteradas de topónimos galegos, como se ve nos seguintes exemplos, que reproducen algunhas das alteracións máis usuais, no que respecta aos trazos morfolóxicos ou fonéticos implicados.

Anllóns, Allones (f.a.) 115. Toponímico: *Anllóns* (Ponteceso, Co). Do lat. *ANG(U)LONES ‘recantos, meandros’, por alusión ós que forma no seu curso baixo e desembocadura. O castelanismo reflicte a variación na pronuncia do nome do río, que oscilou entre *Anllóns, Añóns* e *Allóns*. Na documentación galega consultada atopámolo en nomes persoais desde o séc. XIV: *Fernando Domingues d’Anllões, Johán Peres d’Anlloes* a.1325 CDMens.

Gaioso, Gayoso (f.a.) 2.299. Toponímico: *Gaioso* ou *O Gaioso* (Co, Lu, Ou). [...] Documentase en nomes persoais desde o séc. XIV: *Garçía Lopes de Goyosso* a.1362 CDMontederramo, *Johán de Gayoso, vesiño de Santiago* a.1457 LNRianxo, *Andrés Pardo de Gayoso*, veciño e rexedor de Lugo a.1541 ACS, *Domingo Antonio Gaioso - Gaiosso*, fabricante de cordas a.1751 CMEBetanzos, *Antonio Gaioso*, pousadeiro a.1753 CMEVilalba.

Maside 256, Masid (f.a.) 322. Toponímico: *Maside*. [...] Está rexistrado en cadeas onomásticas desde o séc. XIV: *Martín Peres de Masside* a.1309 CDFPantón, *Pedro Maside*

a.1333 CDOseira, *Gonçalvo Martínez de Masside* a.1372, *Pero Yanes de Maside* a.1402 CDFPantón, *Ruy de Maside*, morador na granxa de Outariz a.1460, *Gonçalvo de Masyde - Maside* a.1471 CDStaCombaNaves.

Seixo 10, **Seijo** (f.a.) 4.637, **Geijo** (f.a.) 29. Toponímico. *Seixo* ou *O Seixo* (Co₃₅, Lu₁₇, Ou₆, Po₁₅), *O Xeixo* (Vilar, Mondariz, Po), *El Xeixo* (Navia, As). Do latín SAXUM ‘pedra’. As grafías castelanizantes con <j> só se xeneralizaron no século XIX. Documentábase en nomes persoais desde a Idade Media: *María Pérez do Seixo* a.1433 DocUnivSantiago, *Lopo Seixo, ferreiro* a.1443 DocDevOurense, *Pedro do Seixo, mareante* a.1694 CensoRedondela, *Andrés do Seixo* a.1768 ARG.

Prateiro, Platero (cast.) 129. Sobrenome de oficio: ‘persoa que traballa a prata ou que a vende’, ‘ourive’, derivado de *prata*. [...] Rexístrase en cadeas onomásticas desde o séc. XV: *Juan Prateiro, vigario de San Giãao* a.1440 LCPontevedra, *Juan Prateiro, vezyño de Lugo* a.1484 DocDevOurense, *Johán Prateiro, prateiro* a.1487 DocDevOurense, *Juan Prateiro* (Santiago) a.1526 PreitoTavera-Fonseca.

Rubiños 357, **Rubinos** (f.a.) 472. Toponímico: denominación alternativa de Bexán, parroquia de Cospeito (Lu). [...] Encontramos atestacións do sobrenome toponímico na documentación antiga desde o séc. XIV: *frey Fernando de Rubinnos - Ruvinnos* a.1393, *Juan Rodríguez de Rubiños* a.1430 CDVilourente, *Juan Alonso de Rubiños*, veciño de San Xurxo de Lourenzá (Lourenzá, Lu) a.1566, *Andrés de Rubiños y Quiroga* a.1575 ACS.

Saiáns < 10, **Sayáns** (f.a.) 44, **Sayanes** (f.a.) 511. Toponímico: *Saiáns*, parroquia en Vigo e lugar e parroquia en Moraña. O topónimo rexístrase en secuencias onomásticas desde o séc. XVI: *Mayor de Saiáns* a.1576 AHUS, *Gregorio de Sayanes, veciños de la feligresía de San Salvador de las Chosas* a.1613 ACS, *Pablo de Saianes*, labrador, veciño de San Miguel do Campo, fillo de *Domingo de Saianes* a.1713 AHUS, *Gregorio de Saiáns, Francisco de Saiáns* a.1752 CMEPeñaflor, *Ramona Sayanes* a.1864, *María Antonia Sayáns* a.1868 AHUS.

Valadares 12. **Valladares** (cast.) 1.290, **Balladares** (cast.) < 10. Toponímico: *Valadares* (Co₂, Lu₁, Po₃). [...] En Galicia foi moi castelanizado, feito no que seguramente influíron a grafía latinizante con dobre -ll- e a concesión dun marquesado, no s. XVII, referente á parroquia Valadares de Vigo, que se perpetuou coa forma castelanizada. Rexístrase en nomes persoais desde o séc. XIII: *Martino Valadares* a.1249 CDRamirás, *Fernán Gonçálvez de Valladares, escudeyro* a.1328 FMSantiago, *Johán Romeu de Valadares* a.1385 DocSantiagoBelvís, *Rui Peres de Valadares* a.1417 LCSantiago, *señora dona Elvira de Valadares* a.1485 TSMCamiónPontevedra, *Gonzalo de Baladares*, alcalde da fortaleza de Lantaño a.1553 AHUS.

Nalgúns dos casos citados a forma galega foi totalmente apagada nos rexistros civís (*Anllóns, Gaioso, Prateiro*), polo que non figura número ningún ó seu carón. Repárese en que as documentacións históricas adoitan aboar as formas galegas (cf. *Prateiro, Rubiños, Seixo, Valadares*), sobre todo canto máis recuadas son no tempo, ás veces coas peculiaridades propias da escrita medieval (cf. *Gaioso, Anllóns*).

Por último, o outro tipo de marcas que se indican nos lemas secundarios son as abreviaturas das linguas diferentes á galega:

Ferreiro 17.279. **Ferrero** (ast.) 505. **Ferrer** (cat.) 811, **Farré** (cat.) 39. **Herrero** (cast.) 1.372. **Ferrari** (it.) 54.

Foxo < 10, **Fojo** (f.a.) 934. **Fueyo** (ast.) 20. **Hoyo** (cast.) 52. PL.: **Hoyos** (cast.) 95.

Besteiro 1.162, **Vesteiro** (g.a.) 12. **Ballester** (cat.) 103. **Ballestero** (cast.) 22. PL.: **Besteiros** < 10. **Ballesteros** (cast.) 1.122.

5. DIVULGACIÓN

Dado que se trata dun dicionario con intención divulgativa, procuramos ofrecer explicacións rigorosas pero de forma o máis didáctica posible. Por esa mesma razón non se adoitan incluír autoridades, non sendo cando a hipótese etimolóxica pode presentar algunha dificultade, caso en que se citan as máis usuais (Corominas, J. M. Piel, Bascuas, Moralejo, Machado...).

Por outro lado, e dado que é inevitable mencionar algúns termos lingüísticos, incluimos un pequeno glosario deste tipo de voces (patronímico, xenitivo, nome de poseos, analoxía, haxiotopónimo, hidrónimo, disimilación, hipocorístico e outros).

CONCLUSIÓNS

O corpus do DAG parte do censo do Instituto Nacional de Estadística español e ten en conta os apelidos con máis de 30 ocorrencias, o que abrangue o 97% da poboación. O dicionario presenta como lemas principais as formas estándares e inclúe como secundarios as variantes flexivas, ortográficas, fonéticas, morfolóxicas e os equivalentes doutras linguas europeas; en total, constitúen aproxima-

damente 6.500 entradas, entre as principais e as remisivas. En cada unha delas informa sobre o número de ocorrencias, a tipoloxía, a etimoloxía remota e a motivación do sobrenome. Tamén se rastrexan sistematicamente os textos históricos para documentar a antigüidade da existencia do apelido ou da voz correspondente empregada en nomes persoais. Ademais, describe a distribución xeográfica, fundamental sobre todo para pescudar na orixe dos apelidos detoponímicos. Por último, en ocasións inclúense informacións que poidan ser de interese para a historia do apelido (xenealóxica, histórica...) e tamén sobre a difusión posterior alén do noso país, por causa da emigración.

En definitiva, preténdese que o *Diccionario dos apelidos galegos* supoña unha contribución á elaboración do diccionario histórico e etimolóxico da lingua galega, á restitución das formas galegas estándares para a normalización da onomástica e á divulgación entre a sociedade deste aspecto tan importante da nosa identidade como individuos e como sociedade.

REFERENCIAS

- Aira González, Raquel (2002): “Vitalidad del procedimiento patronímico para la formación de segundos nombres en gallego medieval”, en A. I. Boullón Agrelo (ed.): *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas. Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Ed. en CDRom, 563-572.
- Álvarez, Rosario (2002): “Topónimos en *-edol/-ido*”, en A. I. Boullón Agrelo (ed.), *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Ed. en CDRom, 87-102.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer. Rec.: M. Reina Bastardas, *Revue de Linguistique Romane* 64 (2000), 215-217; J. Lengert, *Beiträge zur Namenforschung* 35.2 (2000), 329-334; A. M^a Cano González, *Rivista Italiana di Onomastica* 7 (2001), 171-177.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): “Aproximación á configuración lingüística dos apelidos en Galicia”, *Verba* 34, 285-309.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2009): “Sobre a estandarización da antroponimia: proposta para os apelidos”, *Boletín da Real Academia Galega* 370, 117-152.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2010): “Toponimia de Galicia. Estado da cuestión”, en M^a Dolores Gordón Peral (ed.): *Toponimia de España. Estado actual y perspectivas de la investigación*. Berlin / New York: Walter de Gruyter, 31-58.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2012a): “Aspectos metodolóxicos para o estudo dos apelidos detoponímicos na Galicia”, *Quaderni di Semantica. Rivista internazionale di semantica teorica e applicata* 33/1, 183-204.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2012b): “A gheada na onomástica (achegas á estandarización)”, *Estudos de Lingüística Galega* 4, 151-168.

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2017a): “O *Dicionario dos apelidos galegos* e a restitución das formas galegas”, en A. I. Boullón Agrelo / L. Méndez (eds.): *Estudos de Onomástica Galega II. Os nomes e os apelidos: aspectos legais, sociais e lingüísticos. Xornada de estudo, Pontevedra, 30 de setembro de 2017*. Real Academia Galega, pp. 45-68.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2017b): “Nomes, topónimos e apelidos: camiños de ida e volta”, *Guavira Letras*. Universidade Federal de Mato Grosso do Sul, n. 25, 34-49. <http://websensors.net.br/seer/index.php/guavira/article/view/480>.
- Büchi, Eva (1998): “Los antropónimos de origen toponímico: reflexiones metodológicas a partir de exemplos del dominio lingüístico asturiano”, en A. Cano (ed.) *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actas del IX Coloquio PatRom (Uviéu / Oviedo, 26-29 de outubro 1995)*, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, pp. 1-33.
- Caffarelli, Enzo / Marcato, Carla (2008): *I cognomi d'Italia. Dizionario storico ed etimologico*. Torino: UTET, 2 vols.
- Castro Rei, Consuelo (2017): “Aspectos xurídico-substantivos da restitución de nomes e apelidos á forma galega: normativa e criterios de aplicación”, en A. I. Boullón Agrelo / L. Méndez (eds.): *Estudos de Onomástica Galega II. Os nomes e os apelidos: aspectos legais, sociais e lingüísticos. Xornada de estudo, Pontevedra, 30 de setembro de 2017*. Real Academia Galega, pp. 0-20.
- CDStaCombaNaves = Dono López, Pedro (2010): *Colección de documentos en pergamiño do mosteiro de Santa Comba de Naves. Introducción, edición e índices*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- CDMens = Zapico Barbeito, Pilar (2005): *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens*. Noia: Toxosoutos.
- CDMontederramo = Lorenzo, Ramón (2016). *Colección documental do mosteiro de Montederramo*. Coa colaboración de Maka Pérez. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 3 vols.
- DAFN = Patrick Hanks (ed.) (2003): *Dictionary of American family names*. Oxford: Oxford University Press.
- Dasi Dorelle, Encarna (2017): “Rexistro Civil: a súa acomodación ás particularidades lingüísticas propias do galego”, en A. I. Boullón Agrelo / L. Méndez (eds.): *Estudos de Onomástica Galega II. Os nomes e os apelidos: aspectos legais, sociais e lingüísticos. Xornada de estudo, Pontevedra, 30 de setembro de 2017*. Real Academia Galega, pp. 21-29.
- DCECH = Corominas, J. / J. A. Pascual (1980). *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos, 6 vols.
- DELPE = Machado, José Pedro: *Dicionario Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte, 1995⁷, 5 vols.
- DOELP = Machado, José Pedro: *Dicionario Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Editorial Confluência, 1993², 3 vols.
- DNG = Ferro Ruibal, Xesús (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Doc-1260 = Boullón Agrelo, Ana Isabel / Henrique Monteagudo (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Anexo 65 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- García Gallarín, Consuelo (2014): *Diccionario histórico de nombres de América y España*, Madrid, Sílex.
- Hanks, Patrick / Richard Coates / Peter McClure (2012): “Methods for studying the origins and history of family names in Britain: philology meets statistics in a multicultural context”, en L.-G. Larsson / S. Nyström (eds.): *Facts and Findings on Personal Names: Some European Examples*. Royal Society of Arts and Sciences of Uppsala.

- Méndez Ferrín, Xosé Luís (2007): *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos*. Vigo: Xerais.
- Navaza, Gonzalo (2012): “A grafa do fonema prepalatal fricativo xordo en topónimos e apelidos galegos” *Estudos de Lingüística Galega* 4, 169-185. <http://www.usc.es/revistas/index.php/elg/article/view/409/406>.
- NOMIG = *Normas ortográficas e morfoloxicas do idioma galego* (2004). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega.
- Piel, Joseph M. (1949/1950): “Os nomes dos santos tradicionais hispánicos na toponímia peninsular”, *Biblos* 25 (1949), 287-353, 26 (1950), 281-314.
- Piel, Joseph M. (1975): “Novos fragmentos de toponímia galega oriunda de nomes latinos de senhorios rurais medievos”, *Verba* 2, 45-58.
- RAG 2016 = *Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Regueira Fernández, Xosé L. (2010): *Dicionario de pronuncia da lingua galega*. Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega.
- Rivas Quintas, Elixio (1991): *Onomástica persoal do Noroeste Hispánico*. Lugo: Alvarellos.

Fontes en liña

- ACS = Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela. <http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac?usr=null>.
- AHUS = Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. <http://www.usc.es/gl/servizos/arquivo/fondos/accesoweb.html>.
- ARG = Arquivo do Reino de Galicia, incluído en Galiciana: Arquivo dixital de Galicia (Xunta de Galicia). http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta_archivos/busqueda.do.
- BILEGA = Francisco García Gondar (dir.): *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <http://www.cirp.gal/bdo/bil/bilega.html>.
- CAG = Boullón Agrelo, Ana I. / Sousa Fernández, Xulio (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/cag/>.
- CODOLGA = *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <http://corpus.cirp.es/codolga/>.
- DdD = Antón Santamarina (coord.): *Dicionario de Dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Instituto da Lingua Galega. <http://sli.uvigo.es/DdD/index.html>.
- DRAG = *Dicionario da Real Academia Galega*. <https://academia.gal/>.
- forebears = *Forebears. Search for genealogical records*. [web]. <http://forebears.io/surnames>.
- INEapelidos = Instituto Nacional de Estadística. Apellidos y nombres más frecuentes. http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177009&menu=resultados&cidp=1254734710990.
- NG = *Nomenclátor de Galicia*. Xunta de Galicia. <http://www.xunta.es/nomenclator>.
- PARES = *Portal de Archivos Españoles*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. <http://pares.mcu.es/>.
- TILG = Santamarina, Antón (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Universidade de Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG/>.
- TMILG = Varela, Xavier (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Universidade de Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/tmilg/>.

